

ROGO DE AER SOBRE CUMPRIMENTO REGULAMENTO CONSELLOS PARROQUIAIS

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

Tendo en conta o “Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais” BOP 12 xuño 2000.

Que nos seus artigo dí:

Artigo 2.- Crearase un Consello en cada Parroquia do Termo Municipal de Redondela, recibindo a denominación daquelas e sendo o seu ámbito territorial o correspondente ao histórico de cada unha delas.

Artigo 3.- De conformidade co sinalado no Artigo 1, os Consellos teñen como funcións específicas o asesoramento, orientación, instancia, petición, proposición e consulta da xestión e iniciativa do Concello, así como o xeral de colaborar con este.

A estes efectos recibirán preceptivamente informe das Comisións de Seguimento das concesións administrativas de subministros de béns e servizos e das inversións que realicen no seu ámbito territorial.

Artigo 4.- Os Consellos municipais parroquiais serán consultados con carácter preceptivo ou facultativo.

A consulta será preceptiva no referente a:

- a) Programación dos investimentos a realizar no seu ámbito territorial.
- b) Convenios de cesión ou usufructo de béns e instalacións de titularidade municipal.

Rogamos: que se cumpra estritamente con estes artigos, o cal supón consulta e información que na meirande parte dos casos afecta a temas que se tratarán nos Plenos da Corporación. Polo que suxerimos que, amáis de axilizar a constitución dos Consellos Parroquiais que despois dun ano seguen sen concretarse, que se convoquen os Consellos parroquiais cada venres anterior ao Pleno correspondente e que preceptivamente se inclúa na orde do día aqueles temas que afecten á correspondente parroquia e vaian a ser tratados no Pleno, e aquelas intervencións que teñan programadas para que cada Consello Parroquial se pronuncie ao respecto.